

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS****REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 2 DE FEBREIRO DE 2023,  
BAIXO A PRESIDENCIA DE  
ALFONSO RUEDA VALENZUELA****DECRETOS****CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Coristanco de dous treitos do camiño entre os lugares de Midón e A Furoca, que discorren polo dominio público da estrada AG-55, xunto co seu dominio público viario.

**ACORDOS****VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do III convenio entre Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), Axencia Galega de Innovación (GAIN), Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U. (Xesgalicia), Consorcio da Zona Franca de Vigo (Consortio), Vigo Activo Sociedade de Capital Risco, S.A. S.M.E (Vigo Activo), Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA) e Peugeot Citroën Automóbiles España, S.A. (Stellantis), para a continuidade dun foco de emprendemento no sector da automoción e mobilidade en Galicia (Business Factory Auto – BFA) e a realización das edicións 7ª, 8ª e 9ª, por un importe total de vinte millóns cincocentos trinta e mil euros (20.530.000,00 €) e a concesión directa dunha subvención plurianual mediante convenio con exención de constitución de garantías e superación da porcentaxe no pagamento anticipado.

**COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA**

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación entre a Axencia de Turismo de Galicia e a autoridade portuaria de Vilagarcía de Arousa e a súa ría para a execución da mellora do faro de Sálvora no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU por un importe total dun millón catrocentos mil euros (1.400.000,00 €).
- Acordo polo que se toma razón do encargo á Empresa Pública de Servizos Galegos S.A. (Seaga) para a execución do programa galego de vixilancia e control fronte á avespa asiática (vespa velutina) para o ano 2023.

### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Acordo polo que se inicia a formulación do Plan director de estradas de Galicia, segundo o disposto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE**

- Acordo polo que se autoriza o modelo de protocolo de adhesión ao programa Retorna Cualifica Emprego das organizacións representativas do tecido empresarial galego, para a difusión de ofertas de traballo vacantes susceptibles de ser ocupadas por persoas galegas residentes no exterior.
- Acordo polo que se toma razón sobre o programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida e a formación de persoas asalariadas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023, por un importe total dun millón trescentos mil euros (1.300.000,00 €).
- Acordo polo que se dá conta da ampliación por importe de cinco millóns de euros (5.000.000,00 €) dos créditos establecidos na Orde do 28 de decembro pola que se establecen as bases reguladoras do programa Impacto Autónomo e se procede á súa convocatoria para o ano 2023.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza o impulso das actuacións de fomento da plantación do castiñeiro e da produción de castaña, con relación á publicación da convocatoria de axudas para o fomento de plantacións de castiñeiro para froito e para a rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiros, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se convocan para o ano 2023.

### **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Informe sobre o plan de dinamización dos procesos selectivos ofertados no eido da función pública autonómica.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Informe sobre o estado de tramitación do anteproxecto de Lei de ordenación do litoral de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o proxecto de decreto de ordenación do sistema de formación sanitaria especializada na Comunidade Autónoma de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE**

- Informe sobre a orde de Respiro familiar.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre a resolución pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2023, en réxime de concorrència competitiva, as axudas para a organización de actividades formativas non regradas e de divulgación que impulsen o coñecemento e a competitividade da industria forestal-madeira de Galicia, por parte da Axencia Galega da Industria Forestal (XERA).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE CORISTANCO DE 2 TREITOS DO CAMIÑO ENTRE MIDÓN E A FUROCA, NO DOMINIO PÚBLICO DA AUTOESTRADA A CORUÑA-CARBALLO**

- O Concello de Coristanco solicitou á Xunta o cambio de titularidade destes tramos que se desenvolven polo dominio público da autoestrada AG-55, entre os puntos quilométricos 40+910 e 41+290 e 41+390 e 41+410, na súa marxe esquerda
- O Concello asume agora a titularidade destes tramos e terá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Coristanco de dous treitos do camiño entre os lugares de Midón e A Furoca, que discorren polo dominio público da autoestrada A Coruña-Carballo, a AG-55.

O Concello de Coristanco solicitou á Xunta de Galicia a transferencia destes tramos que se desenvolven polo dominio público da autoestrada AG-55, entre os puntos quilométricos 40+910 e 41+290 e entre o quilómetro 41+390 e 41+410, na súa marxe esquerda.

Estes treitos xurdiron da reposición dun camiño existente entre os lugares de Midón e A Furoca durante a construción da autoestrada. Na actualidade, constitúen un camiño de servizo da AG-55 pola súa marxe esquerda.

A transferencia tramítase agora de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o Concello de Coristanco terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA IMPULSARÁ 60 NOVOS PROXECTOS NO SECTOR DA AUTOMOCIÓN A TRAVÉS DA BUSINESS FACTORY AUTO**

- O Consello da Xunta autoriza o acordo de colaboración da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación con Ceaga, Stellantis, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e Vigo Activo, polo que se achegan, durante os próximos catro anos, máis de 20,5 M€ para acelerar e consolidar pemes galegas do ámbito da automoción
- Esta aceleradora conta coa integración dos axentes necesarios para configurar en Galicia un ecosistema de innovación no sector da automoción, capaz de captar e reter talento, ademais de fortalecer o seu posicionamento e proxección internacional
- A Xunta achega o 55 % dun orzamento que permitirá desenvolver a iniciativa en tres convocatorias sucesivas ata o 2026 en que se prevé impulsar 30 proxectos en fase de aceleración e 30 na de consolidación
- A Business Factory Auto facilitou ata o de agora a posta en marcha de 64 novas empresas, xerando máis de 550 postos de traballo e máis de 90 millóns de euros de facturación en 2022
- O prazo para a captación de proxectos e presentación de candidaturas da primeira convocatoria abrirase no primeiro trimestre deste ano 2023, despois da publicación deste convenio no BOE

O Consello da Xunta acordou hoxe a renovación do convenio de colaboración da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación con Ceaga, Stellantis, Consorcio Zona Franca de Vigo e VigoActivo, que permitirá impulsar ata 60 novos proxectos a través da aceleradora Business Factory Auto (BFAuto), especializada en automoción. En concreto, poñeranse en marcha tres novas convocatorias ata 2026.

O investimento total ascende a máis de 20,5 millóns de euros, dos cales a Xunta de Galicia achegará máis de 11,1 M€, preto do 55 % total, facilitando deste xeito a continuidade dunha iniciativa que conta coa integración de todos os axentes necesarios para reforzar en Galicia un ecosistema de innovación no sector da automoción, ademais de fortalecer o seu posicionamento e proxección internacional.

O novo convenio permitirá a convocatoria de tres novas edicións da aceleradora, tanto para novos proxectos como para a consolidación daqueles que están en marcha. Máis polo miúdo, prevense impulsar ata 60 plans -30 en fase de aceleración e 30 de consolidación-; poderán acollerse á Business Factory Auto proxectos innovadores con

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

vocación de internacionalización e con potencial para fortalecer o sector da automoción en Galicia.

Cada edición desenvolverase en catro fases. Unha primeira, de convocatoria, que durará arredor de catro meses, centrada na captación de proxectos e a presentación de candidaturas. A segunda, de selección, de dous meses, na cal se elixirán un máximo de 10 proxectos para as fases seguintes (aceleración ou consolidación). Na de aceleración, de nove meses, os proxectos seleccionados recibirán o apoio da iniciativa a través da posta á disposición de recursos e a organización de actividades. E na de consolidación, de 12 meses, os equipos participarán nun proceso de formación, mentorización e networking dirixido a dispor dun produto desenvolvido e a potenciar a súa comercialización.

Este programa xurdiu ao abeiro da axenda industrial da Xunta e ten permitido desenvolver en Galicia un ecosistema innovador no ámbito da automoción, situando Vigo á vangarda dos polos de innovación a nivel europeo.

Así, a BFAuto contribuíu a alcanzar importantes avances no eido da sensórica, a cobótica, a impresión 3D ou a robótica. Durante as seis primeiras edicións sumou 500 candidaturas presentadas, de 49 países diferentes, co resultado de 64 novas empresas creadas, que xeraron máis de 550 postos de traballo e facturaron máis de 90 millóns no ano 2022. Ademais, o 24 % das compañías xa exportan os seus produtos ou servizos.

Estas cifras avalían o posicionamento da Business Factory Auto como peza clave do sector da automoción en Vigo e en Galicia. A aceleradora, que durante estes anos ten recibido numerosos galardóns nacionais e internacionais, abrirá o prazo para a captación de proxectos e presentación de candidaturas da primeira convocatoria no primeiro trimestre deste ano 2023, despois da publicación do convenio no BOE.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AUTORIDADE PORTUARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA A EXECUCIÓN DAS MELLORAS EN SÁLVORA

- Mediante a sinatura deste convenio levaranse a cabo as actuacións para potenciar o uso turístico deste BIC do Camiño de Santiago
- O proxecto conta cunha dotación de 1,4 millóns de euros para a rexeneración ambiental e posta en valor da contorna, equipamento de eficiencia enerxética, experiencias turísticas interactivas, turismo científico e destino starlight
- Este proxecto enmárcase nos 12 BICS de titularidade pública galegos dentro do Plan Xacobeo Next Generation polo cal se levan a cabo proxectos de mantemento e rehabilitación do patrimonio histórico galego e que ten como obxecto a posta en valor de bens de interese cultural no Camiño de Santiago

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de cooperación coa Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa para a execución da mellora do faro de Sálvora, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, por importe de 1,4 millóns de euros.

No marco destes fondos, a Xunta formulou o Plan Xacobeo Next Generation, no que está incluída a posta en valor dos BICs do Camiño de Santiago, aos que se dedica 22,7 millóns de euros co obxectivo de conservar os bens de interese cultural e permitir que poidan seguir sendo desfrutados polas xeracións futuras.

Este financiamento permitirá poñer en valor o patrimonio histórico ao longo dos Camiños de Santiago a través da súa rehabilitación e incluíndo melloras de sustentabilidade, accesibilidade e eficiencia enerxética, así como medidas coas que impulsar a modernización ou dixitalización destes espazos.

Concretamente, en Sálvora levaranse a cabo actuacións para a rexeneración ambiental e posta en valor da contorna, equipamento de eficiencia enerxética, experiencias turísticas interactivas e deseño e restauración de establecemento para turismo científico e destino starlight.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este proxecto enmárcase nos 12 BICS de titularidade pública galegos dentro do Plan Xacobeo Next Generation polo cal se levan a cabo proxectos de mantemento e rehabilitación do patrimonio histórico galego e que ten como obxecto a posta en valor de Bens de Interese Cultural no Camiño de Santiago.

### **Plan Xacobeo Next Generation**

A Xunta ten posto en marcha o Plan Xacobeo Next Generation, que conta cun investimento de 39,2 M€ destinados a 12 Bens de Interese Cultural (BIC) que contarán cunha axuda de 22,7 millóns de euros co obxectivo de rehabilitar e poñer en valor o patrimonio galego vinculado co Camiño de Santiago; 8,4 millóns de euros para accións de cohesión en destino co obxectivo de reforzar Galicia como destino seguro, e 8,1 millóns de euros para os plans de sustentabilidade turística en destino promovidos por entidades locais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA RENOVA POR CUARTO ANO O ENCARGO A SEAGA PARA A RETIRADA DE NIÑOS DE VESPA VELUTINA**

- O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao acordo polo que se lle dá continuidade ao programa posto en marcha en 2020 con Seaga
- Este ano sumáronse cinco novos municipios, polo que o plan xa chegaría a practicamente todo o territorio galego, con 311 concellos adheridos
- O ano pasado retiráronse máis de 22.000 niños no marco do Programa galego de vixilancia e control fronte a vespa asiática

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao acordo polo que se renova por cuarto ano consecutivo o encargo á empresa pública Seaga para a execución dos traballos do Programa galego de vixilancia e control fronte á vespa velutina acordado entre o Goberno galego e Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). O ano pasado estiveron adheridos a este plan 306 concellos, o 98 % dos municipios da Comunidade. No encargo deste ano sumáranse cinco máis -Monterrei, Ortigueira, Ponte Caldelas, Vilalba e Ribeira- chegando a un total de 311 concellos, practicamente a totalidade do territorio galego.

As actuacións obxecto de encargo para vixilancia e control da vespa velutina consisten, esencialmente, na eliminación e retirada de niños por parte da Xunta en colaboración cos concellos adheridos a esta iniciativa.

Os termos esenciais do encargo comprenden, ao igual que nos anos anteriores, a retirada e eliminación nun prazo máximo de 5 días hábiles desde que os cidadáns avisen ao teléfono de Atención e Información á Cidadanía 012.

Cómpre aclarar que o prazo pode ser maior se o niño non é accesible para a súa eliminación ou neutralización, ou se se precisan materiais complementarios ou permisos dos propietarios. Nesta liña, non se retirarán niños que sexan doutras especies ou que estean inactivos.

Para a retirada e destrución de niños, a empresa conta cun equipo de coordinación encargado de organizar os efectivos de intervención. A Xunta xa ten reforzado os equipos de intervención coa dotación de material e medios necesarios para a realización das actividades (pértegas, escopetas, marcadoras, equipos de protección individual, insecticida, transporte, material informático...).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Balance 2022**

O operativo de Seaga encargado da encomenda retirou en 2022 máis de 22.000 niños. A Coruña é a provincia que rexistrou un maior número de niños eliminados ou neutralizados o ano pasado, con 10.352, seguida dos 6.899 da provincia de Pontevedra. En Lugo e Ourense retiráronse 2.918 e 2.054 niños, respectivamente.

Na maioría dos niños retirados, os efectivos de Seaga levaron a cabo os traballos nun prazo de menos de cinco días hábiles. En caso de existir dificultades para o acceso, realizáronse as actuacións necesarias para proceder coa maior rapidez posible.

### **Implantación de novas tecnoloxías**

A Xunta continuou a traballar na implantación das novas tecnoloxías para habilitar novas formas de contacto cos cidadáns. Nesta liña, o pasado xullo entrou en funcionamento un chatbot complementario ás chamadas ao 012 que permite contactar co servizo 012 as 24 horas do día e os 365 días do ano e desde o que se xestionaron 4.409 avisos desde a súa posta en marcha. Trátase dunha contorna de chat similar á doutros servizos en liña, que conta con opcións pechadas de resposta para guiar as persoas usuarias co obxectivo de rexistrar o aviso de forma adecuada.

O Goberno galego mantivo ademais o servizo de comunicación de resolución de avisos mediante SMS coas persoas que deron a notificación para informaldas, o que supuxo no primeiro semestre deste ano un total de 33.240 mensaxes enviadas.

Neste servizo integrouse o ano pasado a aplicación Controlvelutina, que os efectivos de Seaga empregan para xestionar os avisos introducindo en tempo real os datos de xeolocalización e fotografías do niño, as observacións de cada caso e o resultado final. Este ano realizáronse melloras ao facilitar a súa integración cos servizos de emerxencias do 112. Permítese así que se poidan derivar de forma automática os avisos para mobilizar os medios de retirada nos casos máis urxentes.

### **Traballo coordinado cos concellos**

Con este plan centralizado de loita contra a vespa velutina, a Administración autonómica ofrece desde 2020 unha solución homoxénea en todas as zonas afectadas coa finalidade de acadar unha maior eficacia na retirada, eliminación e neutralización dos niños. Así, trabállase de forma coordinada cos concellos co obxectivo de loitar contra esta especie invasora e reducir a intranquilidade que lle ocasiona a súa presenza á cidadanía.

De feito, coa posta en marcha de forma coordinada e conxunta dun plan para a retirada dos niños da vespa velutina en todo o territorio galego, a Xunta ofrece colaboración aos concellos nos labores de retirada e eliminación de niños. O Goberno galego asumiu así

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

estas tarefas na Comunidade ao decidir redobrar esforzos e concentrar recursos na loita contra esta especie.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA O INICIO DA TRAMITACIÓN DO PLAN DIRECTOR DE ESTRADAS DE GALICIA, QUE PRIMARÁ O EQUILIBRIO TERRITORIAL E A SEGURIDADE VIARIA NUN CONTEXTO DE MOBILIDADE SUSTENTABLE E INTELIXENTE**

- Este plan director ten como función programar as actuacións para completar a rede viaria, mellorar a súa funcionalidade, garantir a conservación e reforzar a seguridade
- Potenciaranse as actuacións que vertebran o territorio e dean unha axeitada accesibilidade ao rural, como medidas de impulso demográfico e para incremento da competitividade económica
- A extensión das vías de altas prestacións constitúe outro pilar para reducir os tempos de viaxe, acadando o equilibrio territorial e aumentando a seguridade viaria
- Co fin de reforzar a seguridade viaria, a Xunta proxectará no plan actuacións de conservación, eliminación de tramos de concentración de accidentes, melloras de trazados, intervencións en interseccións ou acondicionamentos de travesías
- Establecerase un programa de inspeccións das estruturas, noiros e obras de drenaxe e a execución de actuacións preventivas que eviten as emerxencias a posteriori
- O plan incluírá propostas para a dixitalización das estradas co fin de preparalas para o tránsito do vehículo autónomo e conectado

O Consello da Xunta autorizou hoxe o inicio da tramitación do Plan director de estradas de Galicia, un instrumento que guiará as obras en materia de infraestruturas viarias nos vindeiros anos, priorizando o equilibrio territorial e a seguridade viaria nun contexto marcado pola mobilidade sustentable e intelixente.

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece que a planificación en materia de estradas de Galicia se realizará a través de varios instrumentos, entre eles o Plan director de estradas de Galicia.

O Plan director ten como función programar as actuacións necesarias para completar a rede viaria, mellorar a súa capacidade e funcionalidade, garantir a súa conservación e reforzar a súa seguridade.

Esta folla de ruta tamén recollerá as medidas precisas para o fomento dunha mobilidade sustentable que a prepare para os retos do futuro, incluíndo as novas fontes de enerxía e o vehículo autónomo e conectado. Para isto, é fundamental o traballo que se está a realizar xa de dixitalización das estradas e do dominio público viario, creando un “xemelgo dixital” sobre o que traballar.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, o documento determinará as liñas de actuación e os obxectivos estratéxicos que guíen a planificación autonómica en materia de estradas nos próximos anos, identificará as intervencións necesarias, programándoas en función da súa prioridade, e avaliando tanto as necesidades de investimento como os seus posibles impactos ambientais.

O Plan director coordínase coa Estratexia Galega de Mobilidade co fin de transformar o modelo de mobilidade de Galicia nun máis funcional, sustentable e seguro.

O Goberno galego prevé presentar na segunda quincena do mes de febreiro o documento previo deste plan, no que se expoñerán os obxectivos e propostas básicas que se van desenvolver.

Este documento previo tamén será remitido ás entidades locais afectadas e demais administracións para que poidan colaborar na súa formulación, efectuando as súas propostas.

### **Contidos do plan**

No que se refire aos contidos do plan, un dos eixos estratéxicos é mellorar os accesos ao sistema de núcleos de poboación, para axudar a vertebrar o territorio e dar unha axeitada accesibilidade ao rural, o que contribuirá ao impulso demográfico.

Tamén se completará a conexión cos principais nodos de transporte público, como os intercambiadores portuarios, aeroportuarios e ferroviarios, a mellora das conexións de Galicia con Asturias, Castela e León e Portugal, de forma que contribúan a incrementar a competitividade económica.

A extensión da rede de vías de altas prestacións constitúe outro pilar fundamental do plan, co obxectivo de reducir os tempos de viaxe, contribuindo ao equilibrio territorial e aumentando a seguridade viaria.

Cómpre destacar que a Xunta de Galicia puxo en servizo 183 quilómetros de vías de alta capacidade desde 2009, incrementándose neste período un 53 %. Así, en 2009 a lonxitude destas vías en servizo era de 344,44 quilómetros e en 2021, de 527,02 km.

Para optimizar a fluidez do tráfico, avaliarase a execución de variantes para canalizar a circulación de longo percorrido das travesías, mellorando así a calidade e eficiencia das estradas.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En relación á mellora de seguridade viaria, a Xunta estudará a execución de estradas 2+1, tanto no programa de vías de altas prestacións como nos de ampliación de capacidade e seguridade viaria en tramos de alto potencial de mellora.

Tamén se recollerá no documento a análise de melloras de trazado nas vías onde sexa preciso, harmonizando a función territorial das estradas, aumentando a seguridade viaria e reducindo custos de consumo de combustible.

Establecerase un programa de inspeccións da infraestrutura viaria, en especial das estruturas, noiros e obras de drenaxe e a execución de actuacións preventivas que eviten as emerxencias a posteriori.

Ademais, a Xunta continuará actuando para eliminar os tramos de concentración de accidentes, acondicionando as interseccións da rede de estradas ou intervindo nas travesías.

Tamén fomentará medidas para mellorar a operación e a seguridade das estradas mediante a implantación de sistemas intelixentes de transporte (ITS) na rede autonómica, incentivando o desenvolvemento sostible.

No marco da aposta pola mobilidade sostible, continuarase co Plan de Sendas de Galicia, coa mellora das paradas de transporte público en estradas autonómicas e desenvolveranse aparcadoiros disuasorios vinculados á rede autonómica de estradas.

O documento tamén incluírá medidas para minimizar o impacto ambiental das estradas, deseñando actuacións adaptadas á paisaxe que garantan a preservación dos ecosistemas e a biodiversidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA PROMOVE A IMPLICACIÓN DAS ENTIDADES EMPRESARIAIS E SECTORIAIS DE GALICIA NO PROGRAMA RETORNA CUALIFICA EMPREGO

- O Consello acordou hoxe o texto dun protocolo de adhesión para que clústeres, asociacións de empresarios e outras entidades sectoriais aproveiten a oportunidade da Estratexia Galicia Retorna 2023-2026 para dar difusión e cubrir as súas vacantes
- O obxectivo da Xunta de Galicia é poder facilitar o regreso dunhas 400 galegas e galegos do exterior este ano, polo que canalizará as necesidades de profesionais dos sectores non cubertas por residentes en Galicia

O Consello do Goberno galego deu hoxe o seu visto e prace ao texto do protocolo que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ofrecerá a clústeres, asociacións empresariais e outras organizacións sectoriais para que se impliquen no programa *Retorna Cualifica Emprego* co que se pretende que unhas 400 persoas retornen a Galicia cun contrato indefinido. A adhesión ao documento resultará fundamental para atender a demanda de profesionais que precisan as empresas -nos casos en que non se estea a cubrir coas persoas residentes en Galicia- e poder ofrecer eses postos a galegas e galegos retornados que volten á Comunidade para desenvolver o seu proxecto vital.

O programa *Retorna Cualifica Emprego*, que promove a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, favorecerá o regreso de galegas e galegos no exterior, irá acompañado dun plan personalizado de cualificación e empregabilidade, así como de recursos de formación e a formalización do correspondente contrato de traballo.

Aínda que a Xunta de Galicia prevé destinar a este programa cerca de 4 millóns de euros en 2023, o vencello das entidades a el a través do protocolo non implica ningunha contraprestación económica. Unha vez formalizada a súa adhesión, clústeres, agrupacións empresariais e outras entidades interesadas, establecerán fórmulas de colaboración para a divulgación e comunicación dos obxectivos do programa coa finalidade de que as empresas coñezan a posibilidade de que as ofertas de emprego que non se cobren por falta de candidaturas no Servizo de Emprego de Galicia, poidan ser cubertas a través de persoas galegas residentes no exterior.

Invitarase ademais ás entidades representativas dos diferentes sectores adheridas ao protocolo a participar en xornadas, foros e actos de divulgación do programa e habilitarase unha canle específica de referencia no Servizo de Emprego de Galicia á cal

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

poidan dirixirse as firmas interesadas en lanzar as súas ofertas a través do *Retorna Cualifica Emprego*.

Con este protocolo, a Xunta de Galicia pretende amplificar o coñecemento entre o tecido produtivo galego das oportunidades desta iniciativa.

*Retorna Cualifica Emprego* é o primeiro dos programas cos que a Área de Promoción do Emprego pretende promover o regreso de galegas e galegos menores de 50 anos residentes no exterior con interese en incorporarse ao mercado laboral na Comunidade.

Con estas medidas, o Goberno galego contribúe ademais a atenuar a situación demográfica de envellecemento que afecta á Comunidade e facilita o dereito das persoas galegas e da súa descendencia a regresar a Galicia.

O programa *Retorna Cualifica Emprego* forma parte da nova Estratexia Galicia Retorna 2023-26 (ERG2026), que duplica tanto en número de medidas (un cento) como en orzamento (450 M€) á súa predecesora, a Estratexia Retorna 2020, aprobada en 2018 e que mantivo a súa vixencia ata 2022. O documento marca como obxectivo facilitar o regreso á súa terra de 30.000 galegos do exterior nos vindeiros catro exercicios, o que incrementaría nun 35 % o fluxo actual de retorno ata as 7.500 persoas cada ano.

Das catro áreas en que incide a Estratexia, a laboral é a que aglutina unha maior cantidade de medidas (37), seguida da educativa (30), a social (25) e a de asesoramento, seguimento, coordinación e control (8).

A Estratexia Galicia Retorna parte da idea do retorno non só como un dereito, senón como unha vantaxe competitiva para incorporar á sociedade galega persoas de distintos países coa súa formación e experiencia profesional e tamén como unha oportunidade para superar o complexo reto demográfico que ten por diante a nosa comunidade. No marco desta intensifícase o asesoramento tamén ao emprendemento e ao autoemprego dos galegos retornados -en especial no rural- e facilítase a súa participación en accións de inclusión sociolaboral, reforzando a capacitación das habilidades transversais máis demandadas polo mercado e apostando por programas de desenvolvemento persoal da xuventude retornada.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA A AMPLIACIÓN DO CRÉDITO DAS AXUDAS DO PROGRAMA *IMPACTO AUTÓNOMO* ATA OS 35 M€ PARA COMPENSAR A SUBA DE CUSTOS DUNS 30.000 PROFESIONAIS**

- Defende este incremento en cinco millóns dos 30 M€ da partida inicial desta iniciativa pioneira, ante o éxito da convocatoria que recibiu “milleiros de solicitudes”
- Salienta a aprobación tamén para as persoas traballadoras por conta propia dun investimento de 1,3 millóns de euros dirixido a axudas para a formación e contratación indefinida
- O presidente subliña o apoio do Goberno galego ás persoas autónomas con máis de 65 millóns de euros para diferentes programas

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a aprobación no Consello da Xunta da ampliación en 5 millóns de euros máis do crédito de axudas no programa pioneiro *Impacto Autónomo*, ata chegar aos 35 millóns, e que teñen como finalidade compensar a suba de custos derivados da inflación que están a padecer persoas traballadoras por conta propia e microempresas e co obxecto de “tratar de beneficiar alomenos a uns 30.000 negocios”.

Rueda defendeu esta ampliación do crédito ante o “éxito con milleiros de solicitudes” da convocatoria do programa, que partiu cunha dotación de 30 millóns de euros, “que se esgotaron rapidamente” e incidiu en que con estas axudas se procura “contribuír a que o aumento da inflación repercuta menos nestes autónomos e micropemes”. Ademais, lembrou que estes apoios oscilan entre os 800 euros e 1.500 euros e destacou o feito de que as primeiras achegas xa se están a aboar.

En concreto, a iniciativa procura minimizar coa maior celeridade posible o impacto da suba dos custos no actual contexto, tanto das materias primas, das subministracións ou enerxéticos, que están a afectar e condicionar a actividade económica que desenvolven as persoas traballadoras autónomas e microempresas.

#### **Requisitos**

As persoas beneficiarias deste programa deben ser profesionais por conta propia dados de alta no Réxime Especial do Tráballo Autónomo (Reta) ou no Réxime do Mar, incluídas as persoas traballadoras autónomas societarias e microempresas de ata 10 empregados, mutualistas e persoas autónomas con ocupacións de tempada.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre outros requisitos, para poder acceder ao programa, débese contar con domicilio social na Comunidade galega. No caso das actividades que se desenvolvan en establecementos fixos abertos ao público, o negocio deberá estar aberto ao público durante os seis meses posteriores á publicación da orde de axudas.

As contías que se perciban fíxanse en función dos rendementos netos da empresa. Estas axudas son compatibles con calquera outro tipo de apoio da Xunta dirixido ao colectivo do emprego autónomo para o que a Xunta está a realizar un esforzo importante este 2023.

### **Apoios á contratación e formación de desempregados de difícil inserción**

Ademais, Rueda tamén salientou que o Consello da Xunta aprobou hoxe cun investimento de 1,3 millóns de euros o programa anual de axudas para persoas traballadoras por conta propia destinadas “a incentivar á contratación de 250 persoas desempregadas de difícil inserción e contribuír tamén a súa formación”.

Inclúense dous tipos de axudas compatibles entre si: o bono de contratación e o bono de formación para impulsar a cualificación no posto de traballo das persoas traballadoras indefinidas empregadas.

Para a primeira persoa traballadora indefinida establécese un incentivo mínimo de 8.000 euros, e para a segunda e terceira persoa traballadora indefinida fíxase un apoio mínimo de 10.000 euros. Serán colectivos prioritarios para a contratación as persoas desempregadas de longa duración, as persoas maiores de 55 anos, persoas con discapacidade, persoas en situación ou risco de exclusión social e persoas emigrantes retornadas. As contías base poderanse incrementar nun 25 %, acumulables entre si, se a persoa contratada é muller, no caso de que o centro de traballo estea situado no rural, persoas maiores de 45 anos, e cando a persoa contratada sexa unha muller nunha actividade económica en que a muller esta subrepresentada, entre outros.

Como novidade nesta edición, incorpórase como colectivo prioritario os maiores de 55 anos ou máis. Tamén se abre unha liña específica para os emigrantes retornados.

### **65 M€ para reforzar o emprego autónomo**

Deste xeito, Rueda salientou que con este tipo de medidas a Xunta está a reforzar o apoio este ano o emprego autónomo “con máis de 65 millóns de euros”, aos que se suman 18,2 millóns destinados con carácter exclusivo ao emprendemento. Este mesmo

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ano aprobarase, ademais, unha nova Estratexia do Emprego Autónomo, co consenso dos representantes do colectivo a través da Mesa do Emprego Autónomo.

O Goberno galego está a impulsar a consolidación do emprego autónomo orientado ao desenvolvemento dos principais sectores económicos de Galicia, tendo deseñado e definindo múltiples actuacións en materia de promoción, apoio, consolidación e mellora ao longo da vida profesional deste colectivo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINA PRETO DE 4 M€ ÁS NOVAS AXUDAS PARA O FOMENTO DA PLANTACIÓN DE CASTIÑEIROS E A RECUPERACIÓN DE SOUTOS TRADICIONAIS

- O Consello da Xunta aprobou hoxe estas achegas da Consellería do Medio Rural, que se publicarán mañá no *Diario Oficial de Galicia*
- Enmárcanse no Programa estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña, dentro do Plan forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica"
- Galicia é líder estatal en produción e exportación de castañas, cun volume de produción anual que se traduce nun impacto económico de máis de 20 millóns de euros pagados aos produtores e máis de 50 millóns en comercialización

O Consello da Xunta aprobou hoxe a nova orde de axudas da Consellería do Medio Rural para o fomento de plantación de castiñeiros e recuperación de soutos tradicionais que se convoca para este ano 2023 e que se publicará mañá no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Enmárcase no Programa estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña, que se engloba dentro da primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica". Deste xeito, o orzamento total para esta convocatoria é de 3.586.748 euros, financiados cos fondos europeos NextGenerationEU, que se repartirán entre os anos 2023 e 2024 e se distribuirán en dúas liñas de actuación.

A primeira refírese ao fomento de plantación de castiñeiro para froito, atendendo tanto ao relativo aos gastos de plantación forestal, como ao tratamento da vexetación preexistente. Mentres tanto, a segunda liña destinarase a todo aquilo relacionado á rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiros, ademais de ás actuacións silvícolas ou as rozas. Ambas liñas inclúen tamén as infraestruturas de acompañamento, obras complementarias ou os honorarios de redacción do proxecto técnico. Cómpre engadir que estas axudas están destinadas a diferentes clasificacións de terreos: forestal, pasto con arboredo, pasto arbustivo, pasteiro, froiteiras e terras arables.

Poderán ser beneficiarias destas achegas as entidades locais e as persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos obxecto de axuda, entendendo por titulares tanto propietarios como arrendatarios ou xestores dos montes ou terreos forestais e/ou dos seus aproveitamentos. Asemade, poderanse beneficiar as agrupacións forestais de xestión conxunta, incluídas as sociedades de fomento forestal (Sofor), que estean inscritas nos rexistros pertinentes, e os axentes promotores produtivos que, ao abeiro do establecido na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, sexan adxudicatarios de propostas de actuación en polígonos agroforestais. Tamén poden ser beneficiarias aquelas persoas con propostas para o aproveitamento de parcelas incorporadas a

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

aldeas modelo. Así mesmo, as persoas e colectivos titulares dos montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, e das comunidades de montes veciñais en man común.

Estas achegas están ligadas ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España, especificamente na compoñente 4, que ten como obxecto alcanzar un bo estado de conservación dos ecosistemas mediante a súa restauración ecolóxica cando sexa necesaria, e revertir a perda de biodiversidade, garantindo o uso sustentable dos recursos naturais e a preservación e mellora dos seus servizos ecosistémicos.

Cabe sinalar que o castiñeiro é unha das árbores cunha maior variedade de aplicacións e utilidades nos ámbitos rurais, sendo un recurso de grande relevancia dende o punto de vista da alimentación, pero tamén polo seu valor para usos madeireiros. Ademais destas utilidades, o ecosistema creado nos soutos orientados á produción de castaña ou á produción de madeiras repercute tamén positivamente na creación de valor como recurso turístico e paisaxístico. Dende o punto de vista ambiental, actúa como elemento de defensa contra os incendios forestais e protección do solo ou como hábitat para a proliferación doutras especies.

Cómpre destacar que Galicia é a principal comunidade autónoma en produción e exportación de castañas de España. O volume de produción anual tradúcese nun impacto económico a nivel autonómico de máis de 20 millóns de euros pagados aos produtores, xerando un valor superior aos 50 millóns de euros en comercialización unha vez transformados.

### **Programa estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña**

O Plan forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica" inclúe na súa primeira revisión distintos eixos estratéxicos para o deseño e execución da política forestal galega. O Programa estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña enmárcase dentro deste Plan forestal e establece 36 actuacións integradas en cinco eixos de intervención: planificación, seguimentos e control da produción do castiñeiro en Galicia; investigación, transferencia e apoio ao sector viveirístico; desenvolvemento e revitalización de recursos e aproveitamentos; impulso da comercialización e fomento da calidade da castaña (con especial atención á indicación xeográfica protexida -IXP- Castaña de Galicia) e mellora da competitividade e do valor engadido das empresas.

Estas 36 propostas de actuación débense executar no marco temporal ao que se refire este plan estratéxico, que se prolonga ata o ano 2040. O obxectivo final é recuperar 8.000 hectáreas de soutos tradicionais e plantar outras 16.000 hectáreas novas para a produción de madeira e castaña

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA REALIZARÁ EXAMES DE OPOSICIÓN PARA MÁIS DE 900 PRAZAS DE EMPREGO PÚBLICO NOS MESES DE XUÑO, XULLO E OUTUBRO

- Os exames afectan a 35 procesos selectivos con máis de 40.000 aspirantes inscritos
- Son todos os procesos que estaban pendentes de comezar a fase de exame
- Entre estas oposicións destacan as do Corpo Superior (A1), o Corpo de Xestión (A2), o Corpo Administrativo (C1), o Corpo Auxiliar (C2) ou a Agrupación Profesional de Persoal Subalterno
- Durante o ano 2023 iniciarase ademais o desenvolvemento dos procesos de estabilización recollidos na Lei 20/21

A Xunta de Galicia realizará exames de oposicións para máis 900 prazas de emprego público nos vindeiros meses de xuño, xullo e outubro. Así se desprende dun informe sobre procesos selectivos no ámbito da Función Pública presentado hoxe no Consello do Goberno galego polo conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos.

Segundo o informe, estes exames afectarán a 35 procesos, que son todos os procesos que estaban pendentes de comezar a fase de exames. O desglose é o seguinte: 24 no mes de xuño, 9 en xullo e dous reservados para persoas con discapacidade intelectual que se realizarán no mes de outubro. En total, hai máis de 40.000 aspirantes inscritos para estas oposicións.

Entre todos estes procesos selectivos destacan os administrativos como os do Corpo Superior (A1) con 75 prazas convocadas; o Corpo de Xestión (A2) con 90 prazas; o Corpo Administrativo (C1) con 102 prazas; o Corpo Auxiliar (C2) con 120 ou a Agrupación profesional de Persoal Subalterno con 119 prazas de emprego público convocadas.

#### Calendario

No mes de xuño realizarase o primeiro exame para Química (A1) e Química (estabilización), Arquitectos (A1) e Arquitectos (estabilización), Enxeñería industrial (A1) e Enxeñería industrial (estabilización), Enxeñería de Minas (A1), Arqueólogos (A1), Arquivos (A1), Bibliotecas (A1), Bibliotecas (promoción interna), e Museos (A1).

En canto ao grupo A2 realizarase o primeiro exame para Arquitectos técnicos; Arquitectos técnicos (estabilización); Escala de xestión de sistemas da información (estabilización); Enxeñería técnica industrial; Enxeñería técnica industrial (estabilización); Enxeñería técnica de obras públicas; Enxeñería técnica de Minas; Bibliotecas; Museos; e Arquivos. Tamén se realizará en xuño o exame para Axentes de inspección C1 (vixilancia de estradas), e Axentes de inspección C1 (dominio público hidráulico).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No mes de xullo realizarase o primeiro exame para o Corpo Superior (A1), o Corpo de Xestión (A2), Finanzas (A2), Escala técnica auxiliar de informática (estabilización), o Corpo Administrativo (C1), Auxiliar de clínica (C2), o Corpo Auxiliar (C2), Auxiliar coidador (C2) e Agrupación profesional de persoal subalterno.

Finalmente, no mes de outubro será a quenda da agrupación profesional de persoal subalterno reservada para persoas con discapacidade intelectual e para o Corpo Auxiliar (C2) tamén reservado para persoas con discapacidade intelectual.

A Consellería de Facenda e Administración Pública publicará mañá na web da Dirección Xeral da Función Pública as datas de celebración do primeiro exame destes 35 procesos para que os opositores poidan planificar as súa preparación.

### **Outros procesos**

Estes 35 procesos son todos os procesos que estaban pendentes de comezar a fase de exames e forman parte dos procesos selectivos en cuxa execución está a traballar na actualidade a Consellería de Facenda e Administración Pública.

Dos procesos restantes, 25 deles rematarán no primeiro cuadrimestre deste ano pois ou ben están na fase de concurso, ou ben xa máis avanzados, na fase de elección de destino; e outros 14 están en plena fase de oposición.

Por outra banda, tamén neste ano iniciarase o desenvolvemento dos procesos selectivos extraordinarios de estabilización convocados logo da entrada en vigor da Lei 20/21 de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. O número de prazas supera as 5.600 distribuídas en 211 procesos selectivos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA ESTÁ A ANALIZAR AS 84 ALEGACIÓNS Á LEI DE ORDENACIÓN DO LITORAL PARA ENRIQUECER O DOCUMENTO E AVANZA NOS TRÁMITES CO FIN DE APROBAR O PROXECTO ESTA PRIMAVERA**

- Destaca o consenso xeral de que “é necesario” dotar a Galicia dunha normativa “adaptada á realidade do territorio”
- O período de información pública saldouse cunha ampla participación e recibíronse achegas por parte da Administración estatal e local, as tres universidades, a Fegamp, a Patronal galega, confrarías, asociacións representativas da cadea mar-industria, organizacións ambientais e cidadáns particulares, entre outros colectivos
- O Executivo galego segue traballando para poder remitir canto antes o proxecto da Lolga ao Parlamento, onde se buscarán acordos con todos os grupos da Cámara debido á transcendencia que ten para a Comunidade a regulación dos usos na costa
- Galicia citará en marzo a expertos na costa doutras comunidades para analizar a lei

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, avanzou hoxe que o Goberno galego está a analizar as 84 alegacións recibidas durante o período de información pública do anteproxecto da Lei de ordenación do litoral de Galicia co fin de estudar o seu contido e valorar a incorporación daquelas ideas e suxestións que contribúan a enriquecer o documento. Rueda resaltou que o gran número de achegas recibidas amosa “o interese” que está a xerar esta normativa “que será aprobada polo Consello e remitida ao Parlamento antes do remate desta primavera”.

Cómpre lembrar que o pasado 15 de decembro o Goberno galego acordou iniciar a tramitación da Lei de ordenación do litoral, unha norma que converterá Galicia na primeira comunidade en regular o litoral en toda a súa extensión e coa que se busca garantir o autogoberno pleno sobre a franxa costeira e a preservación dos seus valores, paisaxes e ecosistemas en equilibrio coa realidade socioeconómica destes espazos.

Como primeiro paso, a Xunta someteu o anteproxecto legislativo a información pública e ao trámite de audiencia durante un mes, período que finalizou o pasado 20 de xaneiro cun balance dun total de 84 alegacións presentadas e unha ampla participación.

Dunha primeira análise destas achegas, segundo o informe analizado hoxe no Consello, Rueda resaltou que hai “un consenso xeneralizado” sobre que é “necesario dotar a Galicia dunha lei adaptada á realidade do noso territorio”.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En concreto, segundo o informe hoxe avaliado no Consello, o anteproxecto da Lei de ordenación do litoral recibiu suxestións e achegas por parte da Federación Galega de Municipios e Provincias e de concellos costeiros; de organismos da Administración estatal; das tres universidades galegas; da Confederación de Empresarios de Galicia, do Colexio de Arquitectos e de federacións deportivas, así como de entidades ambientais e cidadáns particulares.

Así mesmo, tamén se registrou unha notable participación por parte dos axentes do sector marítimo-pesqueiro —como confrarías de pescadores e asociacións empresariais da cadea mar-industria— que pola súa tradicional vinculación coa costa coinciden en sinalar a necesidade dunha lei feita en clave galega e que ofrezca seguridade xurídica para favorecer os investimentos e o desenvolvemento económico da franxa litoral.

O presidente, que agradeceu todas as alegacións recibidas, resaltou durante a rolda de prensa algunhas das aportacións. Nesta liña, informou de que o secretario de Estado de Medio Ambiente “non alude en ningún momento ao articulado da lei” nas súas alegacións e que a “Demarcación de Costas do Estado non presentou ningunha”.

Ademais, Rueda subliñou que tanto a Fegamp como a maioría de concellos que participaron neste proceso “non poñen en dúbida as competencias autonómicas” na xestión do litoral; que o sector marítimo-pesqueiro “insta ao Estado a que deixe legislar a Galicia” e demandan maior protagonismo das súas actividades no texto; que as entidades empresariais consideran “necesario e urxente” que a futura lei galega “achegue unha seguridade xurídica que non dá a normativa estatal”, ou que os representantes de entidades deportivas reclaman que se contemple a importancia deste tipo de actividades e a potenciación “do turismo náutico” na Comunidade.

En paralelo á información pública, a Xunta e o Observatorio do litoral de Galicia —que colaborou na redacción do anteproxecto— abriron nas últimas semanas unha rolda de contactos para dar a coñecer o texto entre os principais axentes implicados no litoral e animalos a facer achegas. Así, mantivéronse encontros con profesores e expertos das tres universidades, representantes dunha trintena de concellos costeiros, empresarios da cadea mar-industria e a Asociación para a Defensa do Patrimonio Cultural de Galicia.

### **Tramitación áxil e eficaz**

Cómpre lembrar que desde que a mediados do pasado setembro se decidiu impulsar a primeira Lei de ordenación do litoral de Galicia, a Xunta traballou coa máxima axilidade, compromiso e eficacia para poder contar cun texto articulado en apenas tres meses e implicando á vez no proceso os principais axentes que interveñen sobre a costa co fin de lograr unha norma para todos os galegos e o máis consensuada posible.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De feito, a lei xerou desde o principio un grande interese como demostra que xa na fase de consulta pública previa –do 16 de setembro ao 17 de outubro– se recibiron 81 achegas e ideas por parte de concellos, particulares, asociacións e outras entidades.

Para seguir avanzando na tramitación da Lolga no menor tempo posible, esta semana a Consellería de Medio Ambiente xa se dirixiu aos departamentos autonómicos correspondentes para requirir-lles os informes preceptivos sobre a lei e a finais de febreiro pedirá á Asesoría Xurídica Xeral e ao Consello Económico e Social que se pronuncien sobre ela.

A continuación, a norma volverase elevar ao Consello da Xunta para a súa aprobación como proxecto de lei en primavera, último paso antes da súa remisión ao Parlamento, onde se buscará chegar a acordos con todos os grupos da Cámara debido á transcendencia que ten para unha comunidade con 2.500 km de costa. Ademais, segundo anunciou Rueda, "a Xunta convocará en marzo a expertos no litoral doutras comunidades para analizar a lei".

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA INCENTIVOS PARA O PERSOAL QUE EXERZA COMO TITOR NA FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA**

- Subliñou que, na actualidade, hai 900 profesionais do Sergas exercendo estas labores docentes e que o obxectivo é “manter ou incrementar” o seu número
- Lamentou que o Goberno central non dea resposta á demanda de Galicia de incrementar as prazas MIR en Medicina de Familia e “flexibilizar os criterios docentes”
- O novo decreto de ordenación do sistema de formación sanitaria especializada configura un estatuto do titor que inclúe vantaxes para este persoal na organización dos seus horarios, no seu acceso a formación, na reserva de prazas ou nos baremos para ofertas de emprego, concursos de traslados ou carreira profesional
- En particular, acúrtase o tempo para acadar os graos de carreira profesional no caso dos titores da especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria
- O proceso de elaboración desta norma, que se somete agora ao ditame do Consello Consultivo, foi moi participativo: comisións de docencia, sociedades científicas, colexios profesionais e organizacións sindicais fixeron achegas e suxestións recollidas no texto
- O novo decreto aplicarase ao persoal que exerza a titoría das máis de 620 prazas formativas convocadas este ano na que é a maior oferta de formación sanitaria especializada da historia de Galicia

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello deu o visto e prace na súa reunión semanal ao proxecto de decreto de ordenación do sistema de formación sanitaria especializada na Comunidade Autónoma de Galicia que vai reforzar a figura do titor na formación especializada en Ciencias da Saúde. Este decreto fixa incentivos para os titores dos sanitarios residentes “co obxectivo de manter ou incrementar o número de profesionais que desempeñan este labor no Sergas”, indicou o presidente galego.

Rueda lembrou que a Xunta leva tempo reclamando ao Goberno central que incremente o número de prazas MIR para a especialidade de Medicina de Familia, pero recoñece que iso ten ir aparelado dun número suficiente de titores para fomar aos titulados durante o periodo de residencia. Rueda lamentou ademais que o Ministerio de Sanidade non flexibilice, tal e como demandan varias comunidades, os criterios de docencia.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

“Na actualidade hai preto de 900 titores de residentes de todas as especialidades, 350 de Medicina de Familia”, resaltou o presidente. Moitos destes profesionais están próximos a idade de xubilación.

As persoas residentes constitúen o centro do sistema de formación sanitaria especializada. Por iso, deberán acadar un nivel óptimo de coñecementos, habilidades e aptitudes profesionais. Os profesionais que se responsabilizan da formación sanitaria especializada constitúen un elemento esencial para a calidade desta. Desde xeito, as persoas titoras dos residentes e outras figuras docentes que participan na súa formación, constitúen o obxecto do tratamento desta norma.

Co obxectivo de manter e incrementar o número de profesionais do Sergas que exercen labores docentes cos residentes, o decreto pon en valor as figuras dos titores e dos xefes de estudos e prima o seu exercicio configurando un estatuto cunha serie de medidas específicas para este colectivo.

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, que salientou que este decreto “é unha das normativas máis importantes da lexislatura” no eido sanitario, resaltou que grazas a ela, os titores contarán con incentivos no seu labor profesional como a ampliación das facilidades para exercer a labor docente, asegurando que o titor poida dispor dun tempo específico para o exercicio das súas funcións; o establecemento de formación específica para titores; a priorización da súa participación nas actividades de formación continuada para persoal sanitario e acurtando o tempo para acadar os graos de carreira profesional no caso dos titores na especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria.

A norma garante tamén que os profesionais que exerzan titoría reciban unha puntuación adicional nos baremos, e incluso se lles poida reservar prazas específicas, permitíndolles o acceso a aqueles centros que están acreditados.

O proxecto de decreto, que se someterá ao ditame do Consello Consultivo antes da súa aprobación definitiva, define as estruturas sanitarias docentes, regula os órganos docentes colexiados e unipersoais, así como o procedemento para autorizar as rotacións externas e as estancias formativas de estranxeiros. Ademais, esta norma sobre formación sanitaria especializada, que consta de 63 artigos, divididos en 9 capítulos, 4 disposicións adicionais, 3 transitorias e 1 derogatoria, recolle os criterios sobre o procedemento de supervisión dos especialistas en formación para a súa asunción progresiva de responsabilidades por parte do residente.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, o decreto recoñece e regula formalmente as subcomisións de docencia, que son fundamentais no caso dalgunhas especialidades de enfermmería. Outorga ademais o nivel de xefatura de servizo de carácter docente aos xefes de estudos e recolle a figura de titoría de apoio para o caso de unidades que reciban un número importante de residentes en rotación, como as urxencias.

Tamén, a norma promove a adquisición de competencias transversais por parte dos especialistas, prima a perspectiva de xénero nos indicadores de calidade e incorpora as especialidades de enfermmería na Rede de Comisións de Docencia de Galicia (Redega).

O proceso de elaboración da norma foi moi participativo: comisións de docencia, sociedades científicas, colexios profesionais e organizacións sindicais, entre outros, fixeron achegas e suxestións ao texto.

Tal e como explicou Comesaña, "o obxectivo é que o decreto poida entrar en vigor xa neste mes de maio", cando se incorporan a nova promoción de sanitarios residentes aos hospitais e centros de saúde de Galicia.

### **Galicia aposta pola formación sanitaria especializada**

O sistema de formación sanitaria especializada goza dun importante prestixio e valoración, e conta con sistemas obxectivos nos que se pode avaliar a súa calidade. Da calidade da formación dos especialistas benefíciense directamente os cidadáns, que reciben unha prestación sanitaria de calidade de acordo cos niveis de capacitación dos nosos profesionais.

Por iso, o Goberno galego aposta por levar a cabo medidas que promovan o exercicio da docencia e a formación de especialistas nos centros sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia.

De feito, a publicación desta norma coincide coa aposta do Goberno galego pola formación sanitaria especializada, que conta coa maior convocatoria de prazas das convocatorias feitas ata o momento na nosa comunidade: un total de 620 prazas foron ofertadas para as probas selectivas para o acceso no ano 2023.

Esta cifra reflicte un incremento de 77 prazas sobre a oferta da anterior convocatoria, e converteu Galicia na comunidade coa maior porcentaxe de incremento de prazas de todo o Sistema Nacional de Saúde (un 14,2 % máis de prazas en Galicia, fronte ao 5 % de media de todo o SNS).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En particular, Galicia convoca o 100 % das prazas acreditadas para médicos de familia, acadando 207 prazas, 65 máis que na anterior convocatoria. A nosa comunidade convocou tamén o 100 % das prazas acreditadas en Pediatría, e incrementou en 11 as prazas formativas para as especialidades de Saúde Mental.

Así, o orzamento que a Administración galega adicará en 2023 ao investimento na formación de especialistas sanitarios superará os 69 millóns de euros, un 10,4 % máis que no exercicio anterior. Coa entrada en vigor deste decreto, as vantaxes reguladas nel aplicaranse xa ao persoal que colabora na extraordinaria oferta formativa deste ano.

### **Outras medidas para facilitar a dispoñibilidade de especialistas**

A aprobación deste decreto constitúe outra medida máis dentro das que Galicia vén adoptando para facilitar a dispoñibilidade de especialistas, como ampliar a posibilidade de permanencia dos profesionais no servizo activo a partir dos 65 anos, modificar a Lei de saúde de Galicia para permitir que profesionais extracomunitarios con formación MIR poidan incorporarse á función pública, ou flexibilizar a vinculación de centro a área para que os mesmos efectivos poidan atender as necesidades de diversos dispositivos ou niveis asistenciais.

Ao mesmo tempo, dende Galicia continuarán a reclamarse outras actuacións que o Goberno central debe levar a cabo en desenvolvemento das súas competencias. Entre estas están levar a cabo os cambios necesarios para dispoñer dun sistema de acreditación de unidades docentes máis flexible e máis áxil, acelerar os prazos para incorporación destas prazas ás convocatorias, garantir que o sistema de elección de prazas non deixa prazas desertas e incorporar novas especialidades xa demandadas como é o caso de medicina de urxencias e emerxencias.

En definitiva, trátase de dispoñer de instrumentos que permitan que o Sistema Nacional de Saúde poida planificar o seu futuro con máis rigor, a súa oferta formativa e adaptarse ás necesidades de profesionais en determinadas especialidades que veñen indicando reiteradamente todas as comunidade autónomas.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INCREMENTA UN 60% OS BENEFICIARIOS DA ORDE DE AXUDAS DE RESPIRO FAMILIAR E ACADA AS 580 PERSOAS NA ÚLTIMA CONVOCATORIA**

- O Goberno galego achega axudas de ata 1500 euros para estancias en residencias e 1000 para o pago dun coidador no fogar
- Poñerase en marcha unha nova convocatoria no vindeiro mes cun orzamento de 880.000 euros

O Consello da Xunta vén de analizar os resultados da última orde de convocatoria de Respiro familiar que permite que persoas dependentes ou con discapacidade realizan estancias temporais en residencias que facilitan o descanso dos seus coidadores habituais. Este programa financiou no 2022 a 580 persoas unha estadía nunha residencia ou o custe dun coidador no fogar. Esta cifra supón un 60% máis de beneficiarios que na orde de 2021.

O Goberno galego financia unha estadía en calquera centro residencial de Galicia sen límite de tempo e ata un máximo de 1500 euros; ou un máximo de 1000 euros para aboar o custe do coidador.

Nas últimas convocatorias o Executivo autonómico investiu 600.000 euros. No vindeiro mes sairá unha nova e contará cun incremento no orzamento global ata chegar aos 880.000 euros.

O principal obxectivo é facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral dos coidadores. A axuda vai dirixida a persoas que sexan residentes na Comunidade. Ademais, a persoa atendida debe ter recoñecido un grao II ou III de dependencia ou ben ter acreditado mediante informe médico e social a necesidade de axuda de terceiros para actividades da vida diaria.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA 500.000 EUROS EN AXUDAS PARA IMPULSAR O COÑECEMENTO E A COMPETITIVIDADE DA INDUSTRIA FORESTAL-MADEIRA DE GALICIA**

- O Consello da Xunta aprobou hoxe esta nova convocatoria que se publicará mañá no Diario Oficial de Galicia (DOG) e que busca contribuír a unha percepción desta industria como un eixe estratéxico, innovador, moderno e esencial na transición cara ao novo modelo de economía circular
- Subvencionaranse proxectos que integren actividades de carácter formativo non regrado, así como actividades de carácter divulgativo que promovan este eixe estratéxico da economía galega

O Consello da Xunta aprobou hoxe na súa xuntanza semanal a nova convocatoria de axudas da Axencia Galega da Industria Forestal, dependente da Consellería do Medio Rural, para a organización de actividades formativas non regradas e de divulgación que impulsen o coñecemento e a competitividade da industria forestal-madeira de Galicia. O importe desta orde, que sairá mañá publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), é de 500.000 euros.

Estas axudas teñen como obxectivo estratéxico contribuír a unha concienciación colectiva baseada na percepción da industria forestal-madeira como unha industria estratéxica, innovadora, moderna e peza esencial na transición cara ao novo modelo de economía circular. Así, preténdese favorecer a participación dos axentes clave na divulgación da utilidade da madeira e dos seus produtos derivados.

Desta forma, subvencionarase a organización de actividades formativas non regradas, tales como másters, cursos ou pílulas formativas relacionados coa industria forestal-madeira. Do mesmo xeito, tamén se subvencionarán actividades de divulgación, tales como xornadas, conferencias, seminarios, charlas ou visitas instrutivas en colexios, universidades ou outros centros, ou en xeral calquera formato de divulgación sobre a industria forestal-madeira. En calquera caso, todas as actividades terán que estar vencelladas á industria forestal-madeira e á súa cadea de valor, quedando excluídos outros usos ou labores vencelladas ao monte tales como os fungos, froitos, mel, aromatizantes e medicinais.

Para proceder á divulgación destas actividades, poderán ser beneficiarios destas axudas as asociacións, organizacións, fundacións de interese galego e entidades sen ánimo de lucro, que teñan base asociativa e sexan representativas ou estean relacionadas coa cadea de valor da industria forestal-madeira. Tamén as agrupacións empresariais

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

innovadoras (AEI) representativas ou relacionadas co sector e os colexios profesionais e centros universitarios, cando as actividades subvencionables se correspondan con esta temática.

### **Axenda de impulso da Industria forestal-madeira**

As axudas que se veñen de aprobar están enmarcadas na Axenda de impulso da industria forestal-madeira, unha folla de ruta deseñada conxuntamente cos principais axentes para potenciar o sector e impulsar a bioeconomía como motor de competitividade. O obxectivo último é favorecer unha sociedade saudable, neutra en carbono, baseada no emprego verde e no consumo de produtos locais. Para iso, a Axencia busca mellorar o capital humano a través da formación, impulsar a innovación e a competitividade, así como o desenvolvemento e diversificación deste sector. De feito, a través dun orzamento de 55,5 millóns de euros, a Axenda prevé mobilizar preto de 140 millóns de euros no reforzo da competitividade e da modernización dun sector clave no ámbito rural.

Ademais, dentro do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica", inclúese o deseño, execución e seguimento dun programa de divulgación e comunicación da cultura forestal. O obxectivo é comunicar á sociedade a natureza singular, sustentable e renovable dos montes e dos seus produtos derivados, a través da programación de eventos, encontros, conferencias ou congresos sectoriais.

Con todo, cabe sinalar que Galicia conta cunha superficie forestal de máis de dous millóns de hectáreas e a súa actividade forestal xera grandes oportunidades e valor. Neste senso, na nosa Comunidade realízase un aproveitamento anual de preto de 10 millóns de metros cúbicos ao ano (en España aprovéitanse 17 millóns de metros cúbicos en total), o que supón preto de 300 millóns de euros ao ano en facturación por venda de madeira. Este importe é repartido entre unhas 60.000 familias cada ano, o que supón un verdadeiro complemento de renda para milleiros de fogares galegos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA